

# O MUNDO EN QUE VIVÍN



**ILSE LOSA**


## SINOPSIS

Cunha escritura sobria e transparente, e a través de breves episodios, esta novela condúcenos, nun in crescendo de emocións, desde a primeira infancia rural dunha nena xudía en Alemaña –cara ao final da Primeira Guerra Mundial– ao incremento das crises (inflación, desemprego, aumento da influencia e vitoria dos Nazis) [...] e a un desenlace sorprendente. Hai unha felicísima imaxe simbólica, que é a do lento avanzar dunha tormenta que acaba por estar “xusto enriba de nós”. Asistimos a rituais xudaicos públicos e domésticos, a unha clara atracción alternativa entre a emigración a Estados Unidos e o sionismo. Queda o lector simultaneamente sorprendido pola correspondencia e polas diferenzas entre a adolescencia e a vida adulta en medios culturais moi diversos, pois hai miradas á vida luterana, á católica ou ao agnosticismo, na marxe da experiencia xudaica ortodoxa. Aparecen figuras familiares de corte nítido: os avós da vila; o pai, tratante de cabalos, fustrigado polos antisemitas e falecido de cancro; os tíos progresistas Franz e Marie; o avó Markus; a amorosa avoíña Ester; Paul (o mozo case namorado que se deixa intimidar polo ambiente); Karl (o mozo aniquilado de amor, culto e firme nas súas conviccións). A acción deséñase nunha sucesión de fases biográficas progresivamente dramáticas coas que acabamos por participar dun destino, ao mesmo tempo moi singular e moi típico, que ben nos podería suceder....




Editorial	HERCULES DE EDICIONES, S.L.
Materia	NOVELA
Colección	COLECCION SEN FRONTEIRAS
EAN	9788494984310
Status	Disponible
Encuadernación	Tapa blanda
Páginas	252
Tamaño	210x140x17 mm.
Peso	420
Precio (Imp. inc.)	15,00€
Idioma	Galego
Fecha de lanzamento	15/03/2019


## Títulos relacionados



UNHA EDUCACION  
TARA WESTOVER



ANNE, A DE TELLAS VERDES  
LUCY MAUD MONTGOMERY



RÍO SEN PONTE  
ILSE LOSA